

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE BRIÓN O DÍA 16 DE ABRIL DE 2014.

No salón de plenos da Casa do Concello de Brión, sendo as 13,00 horas do día 16 de abril de 2014, reuníronse en primeira convocatoria as/os señoras/es concelleiras/os de seguido relacionados, baixo a presidencia do Sr. Alcalde JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA, co obxecto de celebrar sesión ordinaria correspondente ao día da data para a que foron previamente citados.

ALCALDE:

JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA. (PSG-PSOE)

CONCELLEIRAS/OS PRESENTES:

MARÍA DEL CARMEN REY TUÑEZ. (PSG-PSOE).

RAMÓN RODRÍGUEZ ROMARÍS. (PSG-PSOE)

JOSÉ PEDRO CAMBÓN FERNÁNDEZ. (PSG-PSOE)

PATRICIA VÁZQUEZ LAMAS. (PSG-PSOE)

JOSÉ BOUZAS ESPARÍS. (PSG-PSOE)

JESÚS QUINTELA VÁZQUEZ. (PSG-PSOE)

JOSÉ LUIS SAMPEDRO BOUZAS. (PSG-PSOE)

MERCEDES GLORIA VÁZQUEZ GARCÍA. (PP)

MÓNICA PATO MAGARIÑOS. (PP)

BEATRIZ CASTRO REY. (PP)

SATURNINO ABETE REDONDO. (PP)

XESÚS PENA ESPÍÑA.(BNG)

Secretario: JAVIER NIEVES GONZÁLEZ, secretario do Concello.

Asiste a interventora do Concello ANA MARÍA GÓMEZ PEÑA.

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, polo Sr. Alcalde declarouse público e aberto o acto, adoptándose os seguintes acordos:

1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO 26.02.2014.

2º) TOMA DE COÑECEMENTO DE ESCRITO DE CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR DE DIMISIÓN DO CARGO DE CONCELLEIRA.

3º) TOMA DE POSESIÓN DO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR D. SATURNINO ABETE REDONDO.

4º) RELACIÓN DE DECRETOS DITADOS DESDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA, DO 21.02.2014 AO 11.04.2014.

5º) DACIÓN DE CONTA DAS XESTIÓNS REALIZADAS POLA ALCALDÍA PARA A RECLAMACIÓN DO CHAMADO "CÉNTIMO SANITARIO"

6º) MOCIÓNS.

7º) ROGOS E PREGUNTAS.

1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO 26.02.2014.

De conformidade co artigo 91 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, preguntouse se algún membro do Pleno tiña que formular algunha observación ou reparo á acta da sesión do 26 de febreiro de 2014.

Sometida a votación, o Pleno do Concello por unanimidade dos doce membros presentes acorda aprobala sen ningunha rectificación.

2º) TOMA DE COÑECEMENTO DE ESCRITO DE CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR DE DIMISIÓN DO CARGO DE CONCELLEIRA.

Dada lectura do escrito presentado pola concelleira do grupo municipal do PP D^a. Mónica Pato Magariños, de data 31.03.2014, con rexistro de entrada no Concello núm. 1378, do 31.03.2014, polo que comunica ao Concello a súa dimisión, por motivos persoais do cargo de concelleira, que lle imposibilitan para levar a cabo o seu desempeño, así como de todas as obrigas derivadas desa condición.

O Sr. Alcalde sinala que quere agradecer os servizos prestados polo seu saber estar no tempo que estivo aquí e que foi un pracer traballar contigo e quedamos aquí a túa disposición.

A Sr^a Vázquez García sinala que lle desexamos moita sorte nesta nova etapa.

A Sr^a Pato Magariños sinala que eu tamén deséxolles moita sorte nesta nova etapa.

Consonte co disposto na instrución da Xunta Electoral Central do 10 de xullo de 2003, o Pleno:

1º) Toma coñecemento da renuncia do cargo de concelleira de D^a. Mónica Pato Magariños, concelleira do grupo municipal do PP, indicando que a xuízo da Corporación a persoa á que lle corresponde cubrir a vacante consonte coa lista de candidatos proclamados polo PP nas últimas eleccións municipais do ano 2011 é D. José Rama Guerra.

2º) Que se remita certificación deste acordo á Xunta Electoral Central para que proceda a expedir a credencial de concelleiro para os efectos da substitución da concelleira dimisionaria.

3º) TOMA DE POSESIÓN DO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR D. SATURNINO ABETE REDONDO.

Dada conta do expediente tramitado para a substitución por renuncia da concelleira do Partido Popular D^a. María del Mar Cobas Cajuso, téndose recibida a credencial de concelleiro da Xunta Electoral Central en favor de D. Saturnino Abete Redondo, e téndose acreditado polo interesado o cumprimento do disposto nos art. 30 e 31 do RD. 2568/1986, do 28 de novembro, se lle formula por Secretaría, de orde do Sr. Alcalde, a pregunta establecida no Real decreto 707/1979, do 5 de abril, polo que se establece a fórmula de xuramento en cargos e funcións públicas, respondendo si prometo polo que queda posesionado do cargo de concelleiro deste Concello desde este momento, incorporándose ao Pleno integrado no grupo municipal do Partido Popular.

O Sr. Alcalde dálle a benvida e deséxalle moita sorte nas súas funcións.

4º) RELACIÓN DE DECRETOS DITADOS DESDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA, DO 21.02.2014 AO 11.04.2014.

Pola Alcaldía, de conformidade co artigo 42 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e art. 22.2. a) da Lei 7/85, do 2 de abril, deuse conta da relación de decretos que de seguido se transcriben.

21.02.14.- Adxudicación á empresa Barbatana S.L. do contrato de servizos de: escolas culturais 2014.

21.02.14.- Adxudicación á empresa Barbatana S.L. do contrato de servizos de: escolas deportivas 2014.

21.02.14.- Adxudicación á empresa Ascensores Enor S.A. da execución do contrato de servizos de: mantemento dos ascensores de CEIP de Pedrouzos, Centro Social Polivalente e Casa do Concello.

21.02.14.- Compensar a cantidade de 163,68 euros en concepto de liquidación do imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana do ano 2013, liquidada pola Deputación á entidade mercantil Urban Portfolio Inmobiliario S.L.

21.02.14.- Baixa definitiva do recibo da taxa de recollida do lixo correspondente ao padrón do lixo dos anos 2011, 2012 e 2013 dunha veciña.

21.02.14.- Autorización para o cambio de mellora ofertada no procedemento de adxudicación do contrato de axuda no fogar e aprobación de modificación do contrato.

21.02.14.- Aprobación da liquidación das taxas da Xunta de Goberno Local celebrada o 18 de febreiro.

21.02.14.- Aprobación da liquidación do orzamento do Concello correspondente ao exercicio 2013.

24.02.14.- Solicitar conxuntamente cos concellos de Ames, Val do Dubra, A Baña, Mazaricos e Santa Comba ante o INEGA unha axuda económica para proxectos de aforro e eficiencia enerxética.

24.02.14.- Aprobación da liquidación de taxas por actividades e servizos relacionados coa hixiene urbana.

25.02.14.- Aprobar e ordenar o pagamento da contía de 30.000 euros, á entidade Urban Portfolio Inmobiliario S.L. en concepto de devolución de parte do ingreso efectuado por esa entidade na tesourería do Concello por enaxenación de parcela, que non se formalizou posteriormente.

25.02.14.- Solicitud dunha subvención de 3.000 € para o servizo de socorrismo na piscina de Bastavales durante a tempada de verán 2014.

26.02.14.- Concesión dunha axuda de emerxencia social a un veciño.

26.02.14.- Baixas de oficio no padrón municipal de habitantes por inscrición indebida.

27.02.14.- Pago de nóminas mes febreiro.

27.02.14.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 31.816,16 euros (facturas varias).

27.02.14.- Devolución de ingresos indebidos a unha veciña por importe de 40,00 euros pagados en concepto de prezo público pola actividade de baloncesto.

27.02.14.- Ingreso de 109,71€ a favor do Xulgado de Primeira Instancia de Santiago por cumprimento de embargo a unha traballadora.

27.02.14.- Ingreso de 300 € a favor do Xulgado de Primeira Instancia de Santiago por cumprimento de embargo a un traballador.

27.02.14.- Pago de gratificación a un funcionario.

27.02.14.- Recoñecemento de trienios a un funcionario.

27.02.14.- Recoñecemento de trienios de tres laborais.

28.02.14.- Anulación do imposto sobre construcións, instalacións e obras por renuncia á licenza de reparación dunha cuberta dun alpendre.

28.02.14.- Devolución dos avais bancarios depositados para responder das obras de: canalización de gas en Agro Novo números 4, 29, 37, 76, 78, 96, e 99.

28.02.14.- Devolución do aval bancario depositado para responder da obra: acometida de gas en rúa Lameiras núm. 24.

28.02.14.- Devolución do aval bancario depositado para responder da obra: acometida de gas en Avda de Santa Minia núm. 34.

28.02.14.- Devolución do aval bancario depositado para responder do servizo de: axuda a domicilio do Concello de Brión.

28.02.14.- Aprobación definitiva do padrón fiscal das taxas por servizos de subministración de auga, saneamento, depuración de augas residuais e canon de auga, correspondente ao 4º trimestre de 2013.

28.02.14.- Aprobación da conta xustificativa do Plan de financiamento dos servizos sociais comunitarios básicos da Deputación para o exercicio 2013.

28.02.14.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 1.288,54 euros (Telefónica España SA).

03.03.14.- Altas no padrón de habitantes no mes de febreiro de 2014.

03.03.14.- Baixas no padrón de habitantes no mes de febreiro de 2014.

03.03.14.- Baixa definitiva do recibo da taxa de recollida do lixo correspondente ao padrón do lixo dos anos 2012 e 2013 dun veciño.

03.03.14.- Baixa definitiva do recibo da taxa de recollida do lixo correspondente ao padrón do lixo dos anos 2012 e 2013 dun veciño.

03.03.14.- Inicio expediente contratación do subministro de gasóleo A para os vehículos e maquinaria municipais e gasóleo C para a calefacción de centros públicos municipais do Concello.

03.03.14.- Contratación do servizo de recollida de animais abandonados no Concello, coa empresa La Rosaleda de La Coruña.

03.03.14.- Contratación do servizo de aluguer dun grupo electrógeno para as festas que se celebren no Concello durante o ano 2014, coa empresa Grupo Bacoga Galicia SL, por un prezo unitario de 296,45 €/día, ive incluído.

03.03.14.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 496,24 euros (Telefónica Móviles España SA e CP Agro Novo).

03.03.14.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 97,12 euros (CP Agro Novo).

05.03.14.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 161,44 euros (Mapfre Familiar).

06.03.14.- Rexeitamento do orzamento presentado por Espina e Delfín SL para o servizo de retirada de lodos das fosas sépticas.

06.03.14.- Aprobación do expediente para a licitación do subministro de gasóleo A e gasóleo C.

06.03.14.- Inadmisión a trámite dun escrito presentado por un veciño para a limpeza de fincas.

06.03.14.- Incoación expediente limpeza de finca en Busto de Frades.

06.03.14.- Aprobación da liquidación das taxas pola prestación dos servizos da escola infantil municipal correspondentes ao mes de marzo de 2014.

06.03.14.- Aprobación expediente modificación de crédito núm. 1/2014.

06.03.14.- Aprobación da liquidación das taxas pola prestación do servizo de axuda a domicilio a dependentes correspondentes ao mes de febreiro de 2014.

06.03.14.- Aprobar a liquidación das taxas pola prestación do servizo de axuda a domicilio correspondente ao mes de febreiro de 2014.

07.03.14.- Aprobación da liquidación de taxas por actividades e servizos relacionados coa hixiene urbana.

07.03.14.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 19.425,60 euros (facturas varias).

10.03.14.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 418,59 euros (cota FEMP 2014).

10.03.14.- Aprobación do expediente de contratación e prego de cláusulas administrativas para a obra de: proxecto de mellora e mantemento de camiños rurais no Concello.

10.03.14.- Concesión de axuda de emerxencia a un veciño.

10.03.14.- Baixa e alta de dúas veciñas no servizo de axuda no fogar para persoas dependentes.

12.03.14.- Declaración de que o Concello é o titular de cada un dos obxectos das actuacións previstas no proxecto: obradoiro de emprego Entre ríos.

12.03.14.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 50,70 euros (CP Agro Novo).

12.03.14.- Aprobación de baixa definitiva dunha praza na escola infantil municipal.

13.03.14.- Aprobación do convenio de colaboración co Concello de Ames para a xestión compartida do servizo de obradoiro de emprego Entre ríos, logo das correccións efectuadas como consecuencia do requirimento efectuado pola Consellería de Traballo.

14.03.14.- Solicitud á Deputación da Coruña dunha subvención para a realización das obras de: mellora na Praza do Concello.

14.03.14.- Solicitud á Deputación da Coruña dunha subvención para a realización das obras de: instalación de pavimento continuo nos parques infantís do lugar de Pedrouzos.

14.03.14.- Solicitud á Deputación da Coruña dunha subvención para a realización das obras de: instalación de redutores de velocidade na parroquia de Bastavales.

14.03.14.- Solicitud á Deputación da Coruña dunha subvención para a realización das obras de: mellora e mantemento de pistas no Concello de Brión: Tremo-O Cabo, Piñeiro-Sanín, A Graña.

17.03.14.- Autorización para celebrar o día 22 de marzo de 2014 os festexos de San José no lugar de A Igrexa - Bastavales.

17.03.14.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 36,30 euros (Cableuropa SAU).

18.03.14.- Resolución inicio procedementos sancionadores de tráfico.

19.03.14.- Concesión de axuda de emerxencia social a un veciño.

19.03.14.- Relación de persoas incluídas na actividade de: viaxe ao Algarve - Portugal.

19.03.14.- Aprobación da lista de beneficiarios para a distribución de alimentos da campaña Brión Solidario.

19.03.14.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 27.108,49 euros (cota Mancomunidade Serra do Barbanza xaneiro 2014).

20.03.14.- Inicio da obra de: reparación interior do pavillón polideportivo de Pedrouzos, a realizar por administración.

20.03.14.- Inicio da obra de: acondicionamento da beirarrúa emprazada dentro dun ámbito dotacional deportivo que dá acceso ás pistas deportivas, pavillón e piscina municipais sito en Lamiño, a realizar por administración.

20.03.14.- Incoación expediente limpeza de finca en Pérros.

20.03.14.- Inicio da obra de: ampliación da rede xeral de saneamento e auga potable para dar servizo a vivendas no lugar de Quintáns, a realizar por administración.

20.03.14.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 9.617,07 euros (Gas Natural Servicios SDG SA).

20.03.14.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 14.866,15 euros (Gas Natural Sur SDG SA).

20.03.14.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 14.770,12 euros (facturas varias).

- 21.03.14.- Incoación expediente limpeza de fincas na Gándara.
- 21.03.14.- Incoación expediente limpeza de fincas en Agro Novo.
- 21.03.14.- Devolución do aval bancario depositado para responder do servizo de: xestión da piscina municipal de Bastavales verán 2013, á empresa Barbatana SL.
- 21.03.14.- Devolución do aval bancario depositado para responder da obra: reposición do pavimento pola instalación dun armario de intemperie na Urbanización Balneario do Tremo, portal 1, á empresa empresa R, Cable y Telecomunicaciones Galicia SA.
- 21.03.14.- Devolución do aval bancario depositado para responder da obra: reposición do pavimento pola instalación dun armario de intemperie na Urbanización Monte Balado, á empresa empresa R, Cable y Telecomunicaciones Galicia SA.
- 24.03.14.- Sinatura do convenio de colaboración entre o Concello e a Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharai para apoiar o programa de Vacacións en Paz 2014.
- 24.03.14.- Aprobación da conta xustificativa da execución do convenio de colaboración entre a Xunta, a FEGAMP e as Deputacións Provinciais, en materia de emerxencias e prevención e defensa contra incendios forestais, para a creación e implantación dos GES, do ano 2013.
- 24.03.14.- Convocatoria da Xunta de Goberno Local a celebrar o 25 de marzo.
- 24.03.14.- Autorización, disposición e recoñecemento de obriga de 500 € (pago de sanción a Augas de Galicia).
- 26.03.14.- Declarar elevado a definitivo o acordo de aprobación do orzamento xeral, xunto coas súas bases e o cadro de persoal do ano 2014.
- 26.03.14.- Autorización utilización de vales da campaña de alimentos Brión Solidario.
- 26.03.14.- Solicitud de subvención para o cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal regulada no Decreto 99/2012 á Consellería de Traballo e Benestar.
- 27.03.14.- Comisión de servizos da traballadora social durante a actividade Vacacións para terceira idade 2014 ao Algarve.
- 27.03.14.- Adxudicación á empresa Construcciones Ponciano Nieto S.L. da execución do contrato de obras de: proxecto de mellora e mantemento de camiños rurais no Concello de Brión, polo prezo de 50.003,13 euros, ive incluído.
- 27.03.14.- Adscrición de persoal e nomeamento de director técnico e coordinador de seguridade e saúde das obras do proxecto de: reparación interior do pavillón polideportivo de Pedrouzos.
- 27.03.14.- Adscrición de persoal e nomeamento de director técnico e coordinador de seguridade e saúde das obras do proxecto de: ampliación da rede xeral de saneamento e auga potable para dar servizo a vivendas no lugar de Quintáns.
- 27.03.14.- Adscrición de persoal e nomeamento de director técnico e coordinador de seguridade e saúde das obras do proxecto de: acondicionamento da beirarrúa emprazada dentro dun ámbito dotacional deportivo que da acceso ás pistas deportivas, pavillón e piscina municipais sito en Lamiño.
- 27.03.14.- Aprobar a conta xustificativa da subvención a entidades para a realización de accións de información, orientación e prospección de emprego.
- 28.03.14.- Pago de nóminas do mes de marzo.
- 28.03.14.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 1.296,29 euros (Telefónica España).
- 28.03.14.- Aprobación de modificacións para a baremación de solicitudes para curso 2014/15 da escola infantil municipal.
- 28.03.14.- Modificación da cota do curso 2013/2014 da escola infantil municipal a un veciño.
- 28.03.14.- Resolución expediente sancionador de tráfico.

28.03.14.- Ingreso de 109,71 € a favor do Xulgado de Primeira Instancia de Santiago por cumprimento de embargo a unha traballadora.

28.03.14.- Ingreso de 300 € a favor do Xulgado de Primeira Instancia de Santiago por cumprimento de embargo a un traballador.

28.03.14.- Pago de produtividade

28.03.14.- Recoñecemento de trienio a unha traballadora.

31.03.14.- Delegación do exercicio das funcións da Alcaldía no Tenente de Alcalde D. José Pedro Cambón Fernández, desde o día 1 ata o día 7 de abril de 2014.

31.03.14.- Aprobar o plan de seguridade e saúde da obra de: ampliación da rede xeral de saneamento e auga potable para dar servizo a vivendas no lugar de Quintáns.

31.03.14.- Aprobar o plan de seguridade e saúde da obra de: reparación interior do pavillón polideportivo de Pedrouzos.

31.03.14.- Aprobar o plan de seguridade e saúde da obra de: acondicionamento da beirarrúa emprazada dentro dun ámbito dotacional deportivo que da acceso ás pistas deportivas, pavillón e piscina municipais sito en Lamiño.

31.03.14.- Altas no padrón de habitantes no mes de marzo de 2014.

31.03.14.- Baixas no padrón de habitantes no mes de marzo de 2014.

31.03.14.- Apertura dunha fase de información previa en relación co expediente de solicitude de subvención para o financiamento da aula CEMIT.

31.03.14.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 647,00 euros (La Voz de Galicia).

01.04.14.- Contratar como coordinador de seguridade e saúde da obra de: mellora e mantemento de camiños rurais no concello de Brión a Juan Moreno Badía polo prezo de 363,00 euros, IVE incluído.

01.04.14.- Extinción da condición de empregado laboral dun traballador por cumprir a idade ordinaria de xubilación de 65 anos.

01.04.14.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 385,97 euros (Telefónica Móviles España SA).

01.04.14.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 30 euros (recarga tres tarxetas metropolitanas).

02.04.14.- Designación dos lugares especiais para a colocación gratuíta de carteis de propaganda electoral para as vindeiras eleccións ao Parlamento Europeo.

02.04.14.- Designación dos locais oficiais para celebración de actos de propaganda electoral dos partidos políticos para as vindeiras eleccións ao Parlamento Europeo.

02.04.14.- Aprobación das liquidacións das taxas da Xunta de Goberno Local celebrada o 25 de marzo.

02.04.14.- Desistimento de expediente de solicitude de licenza para a sinalización horizontal para a entrada ao garaxe nun portal na Urbanización Balneario do Tremo por non cumprir a subsanación de deficiencias en prazo.

02.04.14.- Desistimento de expediente de solicitude de licenza de obra para construír unha vivenda unifamiliar no Outeiro 31 por non cumprir a subsanación de deficiencias en prazo.

02.04.14.- Desistimento de expediente de solicitude de licenza de obra para construír unha vivenda unifamiliar no Outeiro 32 por non cumprir a subsanación de deficiencias en prazo.

02.04.14.- Desistimento de expediente de solicitude de licenza de obra para rehabilitación dunha vivenda unifamiliar no Rial 6 por non cumprir a subsanación de deficiencias en prazo.

02.04.14.- Desistimento de expediente de solicitude de licenza de primeira ocupación correspondente á construción de 8 vivendas unifamiliares adosadas no lugar de Babenzo por non cumprir a subsanación de deficiencias en prazo.

02.04.14.- Desistimento de expediente de solicitude de licenza de primeira ocupación para unha vivenda unifamiliar situada en Soutullos por non cumprir a subsanación de deficiencias en prazo.

02.04.14.- Desistimento de expediente de solicitude de licenza obra para acondicionar un local para oficina, situado no Paseo de Pedrouzos por non cumprir a subsanación de deficiencias en prazo.

02.04.14.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 86,00 euros (ARB AMES, S.L).

03.04.14.- Aprobar a liquidación das taxas pola prestación dos servizos da escola infantil municipal correspondentes ao mes de abril de 2014.

03.04.14.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 97,12 euros (CP Agronovo).

04.04.14.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 32.357,05 euros (facturas varias).

04.04.14.- Aprobación do plan de seguridade e saúde da obra de: proxecto de melloras e mantemento de camiños rurais no Concello de Brión.

08.04.14.- Inadmisión a trámite da solicitude de indemnización por responsabilidade patrimonial por non resultar acreditado que o presunto accidente se producira neste termo municipal.

08.04.14.- Incoación de expediente de declaración de incumprimento da obriga de urbanizar fronte á Entidade Urbanística de Xestión do polígono único do sector de solo urbanizable URB-1 "Villa Amalia".

08.04.14.- Altas e baixas no programa de axudas ao transporte presentadas entre os días 1 de xaneiro e o 31 de marzo de 2014.

09.04.14.- Inicio expediente sancionador de tráfico.

09.04.14.- Aprobación da liquidación das taxas pola prestación do servizo de axuda a domicilio a dependentes correspondentes ao mes de marzo de 2014.

09.04.14.- Aprobación da liquidación das taxas pola prestación do servizo de axuda a domicilio correspondente ao mes de marzo de 2014.

10.04.14.- Baixa dun veciño no padrón de habitantes.

10.04.14.- Arquivo das actuacións practicadas logo do expediente de información previa incoado por resolución da Alcaldía do 31.03.2014.

10.04.14.- Aprobación de dúas liquidacións correspondentes á inserción de publicidade na Revista Altamira.

10.04.14.- Aprobación matrícula da taxa por vaos exercicio 2013.

10.04.14.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe de 24.736,33 euros (facturas varias).

11.04.14.- Incoación expediente baixa de oficio por inscrición indebida no padrón de habitantes.

11.04.14.- Convocatoria de Comisións Informativas e Pleno ordinario a celebrar o 16 de abril.

5º) DACIÓN DE CONTA DAS XESTIÓNS REALIZADAS POLA ALCALDÍA PARA A RECLAMACIÓN DO CHAMADO "CÉNTIMO SANITARIO" .

Pola Alcaldía exponse que como consecuencia da sentenza que declarou non conforme ao dereito comunitario o chamado "céntimo sanitario" que era un incremento que se estableceu polas comunidades autónomas sobre o tipo de gravame estatal do imposto sobre ventas minoristas de determinados hidrocarburos, o Concello xa realizou os trámites para solicitar a devolución do pagado polo mesmo do período: segundo trimestre de 2010 ata o cuarto trimestre de 2012, a través do suxeito pasivo do imposto que foi quen presentou as

autoliquidacións por este imposto, que no noso caso é o contratista do servizo Feiraco Sociedade Cooperativa Gallega, e esperemos que se proceda á devolución ao Concello axiña.

O Pleno toma coñecemento.

6º) MOCIÓNS.

Apróbase por unanimidade dos doce membros presentes a urxencia da seguinte moción.

1. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA PARA REXEITAR A SUPRESIÓN DOS PARTIDOS XUDICIAIS EXISTENTES EN GALICIA.

Dada conta da moción sinalada que transcrita di:

O Goberno ven de anunciar a supresión dos partidos xudiciais existentes en Galicia, para concentrar aos xuíces nas capitais provinciais e crear Tribunais de instancia. En Galicia esa medida suporá a desaparición de 41 partidos xudiciais e unha fonda alteración do funcionamento da xustiza, da accesibilidade dos cidadáns e dos custos derivados.

A unha cidadanía espallada no territorio, debe corresponder unha planta dos servizos públicos que facilite o achegamento dos cidadáns. Os actuais partidos xudiciais veñen dando resposta á litixiosidade pero tamén á proximidade. Esquecer esta non mellora aquela, só a cambia de lugar. Pero crea outros problemas aos profesionais da xustiza, funcionarios, avogados, procuradores, ás entidades auxiliares, aos concellos, e sobre todo aos cidadáns.

Esta medida centralizadora forma parte dunha política xudicial fondamente lesiva para os cidadáns. O Goberno do Estado paralizou os procesos de modernización tecnolóxica, de posta en funcionamento da nova oficina xudicial e de creación de prazas. Está anunciada a modificación dos Rexistros Cívís. Agora propónse a desaparición dos partidos xudiciais e a concentración da actividade xurisdiccional nas capitais de provincia.

O Goberno promulgou unha nova lei de taxas, disuasorias pola súa contía e restritivas para as persoas con menos recursos. Agora a supresión de partidos xudiciais incrementará os custos de desprazamento. Fica esquecida a defensa dos dereitos dos cidadáns e o acceso a unha tutela xudicial efectiva, como garantira o artigo 24.1 da Constitución Española.

En consecuencia formúlase a seguinte moción para o seu debate no Pleno:

O Pleno do Concello de Brión insta á Xunta de Galicia a reclamar do Goberno de España o mantemento do partido xudicial de Negreira.

Debate:

O Sr. Alcalde sinala que a todo isto hai que engadir a supresión dos rexistros cívís e a asunción das súas competencias polos rexistros da propiedade polo que os cidadáns deberán pagar por eses servizos.

A Srª. Concelleira Vázquez García sinala que non temos problema en apoiar a moción a pesar de ser unha proposta do noso partido en Madrid, porque non parece de recibo ter que ir a A Coruña ou ao rexistro da propiedade a facer unha xestión, que non é de recibo e non vai supoñer aforro para o cidadán senón máis gastos.

O Sr. Concelleiro Pena Espiña sinala que o ministro máis progresista do goberno ten estas ocorrencias, primeiro modificou a xustiza gratuíta, que xa non o é, logo as taxas, e agora a macro xustiza, que é un disparate deste ministro; engade que apoio totalmente a moción e habería que engadir solicitar a dimisión deste ministro guai.

A Srª. Concelleira Vázquez García sinala que o problema é que o ministro é demasiado progre.

O Sr. Alcalde sinala que xa non se pode superar, se trata da eliminación dos xulgados, da eliminación do xulgado de paz, da modificación da lei do aborto, e remata sinalando que o ministro é progre de máis.

Votación e resultado:

Sometida a votación a moción dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 12, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (8), PP (3) e MIXTO (BNG) (1).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a moción nos seus propios termos.

7º) ROGOS E PREGUNTAS.

1. Rogos e preguntas formuladas por escrito polo grupo municipal mixto (BNG):

1.- Recentemente diversos concellos do País teñen manifestado que a compañía subministradora de electricidade, Gas Natural - Fenosa, veu facturando nos últimos anos cantidades indebidas xa que nalgúns casos a empresa aplicou a tarifa diúrna cando as institucións locais contrataron a nocturna para o alumado público, tamén se detectaron facturas duplicadas, multiplicacións mal feitas, ausencia de contadores ou cobros de tramos equivocados.

A Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) parece que xa acumula a queixa de máis de 130 concellos por facturación excesiva do alumado público e estímase que poderían chegar ata 8 millóns de euros a sobre facturación de Gas Natural Fenosa aos concellos galegos.

O noso grupo quere saber se o Concello de Brión ten feito algún estudo sobre a facturación que Fenosa realiza sobre consumos públicos no noso Concello?

Responde o Sr. Alcalde que con data 14.02.2014 o Concello asinou co Presidente da Deputación da Coruña, en calidade de Presidente da Fundación, un convenio de colaboración coa Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña (FAEPAC) para o servizo de revisión e estudo da facturación eléctrica do Concello, polo que en resumo esa fundación se compromete a revisar a facturación dos últimos doce meses desde a sinatura do convenio, realizar un resumo de CUPs ordenados e realizar as reclamacións derivadas da revisión das facturas, e o Concello autoriza á fundación a realizar as reclamacións derivadas da revisión das facturas e a pagar a cantidade de 50% do importe reclamado e aceptado pola empresa subministradora. O convenio ten unha duración de 1 ano, renovándose automaticamente por igual período se non se produce denuncia deste por calquera das partes.

O Concello xa lle remitiu a facturación do último ano e estamos pendentes de que realicen o traballo.

Que parece ser que hai motivos para reclamar neste Concello, nós estamos convencidos de que si, pero chamas e non hai quen te atenda, non hai con quen falar, temos unha débeda do xulgado de paz de 53.000 euros e chamas e din que non saben, non sabemos, nin te din nada.

2 Veciños e veciñas que habitualmente realizan paseos pola fallida urbanización da zona de Riazos nos teñen manifestado a desastrosa situación na que se atopan os viais. Comentan que é frecuente atoparse con arquetas de rexistros sen tapas, bocas do sumidoiros abertas ou deficientemente tapadas con palés ou trozos de táboas en moitos caso podres (ver fotos).

Queremos saber se o Concello é sabedor destes problemas e se ten pensado tomar algunha medida para resolvelos.

Responde o Sr. Alcalde que si que é sabedor, pero que hai que recordar que está pechada, que a xente non pode entrar aí, sabemos que sufriu actos vandálicos, lles roubaron tapas dos sumidoiros; fixemos hai anos xestións para que remataran de urbanizar, se constituíu unha entidade urbanística de xestión, se reiniciaron as obras e cando se atopaban no 80% máis ou menos suspenderon as obras por mor dunha empresa, e agora se atopa paralizado, por unha empresa que fixo un desfalco de 400.000 euros segundo as outras empresas; estamos a facer xestións para saber quen son os donos, polo incumprimento do deber de urbanizar, e hoxe Novagalicia banco díxonos que eles non teñen nada, que a súa parte é do SAREB, que hai cousas como as tapas dos sumidoiros e farolas que temos gardadas porque senón as rouban e remata sinalando que é unha finca privada sen urbanizar e alí non se pode ir.

3.- Os accesos desde a autovía AG-56 cara a estrada AC-451 dos Ánxeles atópase nun estado lamentable. Parece ser que o goberno municipal xa se ten dirixido á Xunta par se arranxe este vial, pero a realidade é que desde hai meses, con bo tempo ou con mal tempo as fochancas seguen no sitio, unicamente se lles colocou uns conos de perigo.

Solicitamos que se intensifiquen as xestións necesarias e que canto antes se arranxe esta vía de acceso á AG-56, que cada día utilizamos decenas de veciños/as.

O Sr. Alcalde sinala que é mais un rogo, que se fixeron xestións, se enviou un escrito ao conselleiro, o último de primeiros de marzo e non temos ningunha resposta, mandaráselle un escrito dicindo que o Pleno se interesou polo tema e remata sinalando que cando chove e non se ve, é un perigo.

4.- Entre a carballeira de Santa Minia e a casa da cultura existe un notable desnivel, tratouse de corrixir, no seu día, cunha especie de escaleira ou grada. O certo é que este desnivel segue facendo perigoso o acceso desde un espazo ao outro e mesmo nos teñen comentado que non é a primeira vez que nenos/as caen por ese desnivel.

A nosa proposta é que se estude a posibilidade de colocar un varanda para protexer, limitar e facer seguros os accesos entre ambos espazos.

O Sr. Alcalde sinala que tomamos nota e intentaremos solucionar o problema, que é perigoso tanto para nenos coma para maiores, que hai que estudar que medidas poden adoptarse.

O Sr. Alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as trece horas e trinta minutos, abríndose pola alcaldía ao abeiro do art. 88 do ROF unha rolda de consultas na que membros da ANPA Andaravía do CEIP de Pedrouzos dan lectura ao escrito presentado no Concello con rexistro de entrada núm.1642, do 15.04.2014, sobre reivindicación de melloras urxentes no centro, manifestando os tres grupos municipais o seu apoio ás reivindicacións, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario, dou fe.

O alcalde

O secretario

Vº e Prace

José Luis García García

Javier Nieves González